



**Turismo activo
en Alfoz
da man da
Iniciativa Xove**



**Convocado
o concurso
musical
Airiños**



**Os grandes
estreos de
cine que nos
trae o 2011**



**Oportunidades
sen fronteiras**



Nova convocatoria de bolsas Leonardo

- Os bolseiros da primeira quenda do Mogal inician o seu periodo formativo

Ata o 22 de xaneiro está aberto o prazo para solicitar unha das 48 bolsas da segunda convocatoria do programa Leonardo Da Vinci, para que mozos e mozas de entre 18 e 30 anos teñan ocasión de realizar prácticas laborais en Europa.

Nesta ocasión, as estadias formativas (de doce semanas de duración) están programadas entre abril e mediados de xullo. Haberá catro bolsas con destino a Holanda, once en Irlanda, quince en Francia, dez en Italia, e oito para a República Checa.

Esta iniciativa, que forma parte do proxecto Mobilidade Galega (MoGal), está ideada para quen teñan rematados estudos universitarios, ou de Formación Profesional relaciondos cos sectores do moble e a madeira, a restauración, o turismo, a imaxe, a informática, o deseño, a electricidade ou a mecánica.

A bolsa cobre os gastos de aloxamento, un curso de preparación lingüística, o seguro de responsabilidade civil, a viaxe a custo real ata un máximo de 200 euros e parte da manutención. No 881 999 567 informan sobre o proceso de **inscrición**.

PRIMEIRA QUENDA

A primeira das quendas do programa



Ovidio Rodeiro, na sinatura dos contratos da primeira quenda de Mogal

Mogal comeza xa nesta segunda quenda de xaneiro. Neste caso, as prácticas laborais son en empresas de Italia, Francia, Irlanda e Holanda.

Os 47 mozos e mozas participantes asinaron hai uns días os seus contratos de formación práctica nun acto co director xeral de Xuventude e Volunta-

riado, Ovidio Rodeiro.

Rodeiro lembrou que a promoción da **mobildade xuvenil** é un dos principais eixos que se desenvolven na estratexia Xuventude 2013, deseñada polo goberno autonómico como o plan que organiza todas as accións dirixidas á xuventude galega.

O programa actual duplica os recursos e prazos do anterior

O actual programa Mogal, no que se integran as bolsas Leonardo Da Vinci, conta cun orzamento total de máis de 557.000 euros, achegados nun 90% pola Unión Europea e no 10% restante pola propia dirección xeral de Xuventude e Voluntariado. O anterior tiña asignado case a metade, uns 273.000 euros.

Este considerable esforzo económico implica tamén un incremento das prazos dispoñibles, ata practicamente duplicarse. A convocatoria en curso beneficia a 187 mozos e mozas, mentras que a anterior (rematada en 2010) se limitaba a 107.

Deste xeito, facilítaselle á xuventude que adquire coñecementos e competencias profesionais e tamén competencia lingüística no idioma do país de destino.



Máximo histórico de recursos para axudas ao aluguer de vivenda en 2011

O programa Aluga, co que a Xunta de Galicia pretende atender as necesidades das familias que demandan vivenda en alugueiro en Galicia, rexistra en 2011 o maior importe orzamentario para axudas. Con 10,8 millóns de euros, trátase dunha contía superior incluso á do ano pasado, cando xa subira máis dun 25% con respecto aos anos anteriores.

Desde a creación desta iniciativa en 2006 ata 2008,

a media de diñeiro que este programa destinou a axudas era de 7,7 millóns de euros, notoriamente inferior aos 10,8 convocados.

Na actualidade, o programa rexistra tamén o seu maior número de familias beneficiarias, ata chegar ás 3.222, cando en 2007 eran 2.304 e en 2008 sumaban 2.980.

As cifras positivas obsérvanse tamén no número de vivendas dispoñibles. Ade-

mais das 3.222 familias que se benefician do programa, están xa inscritas no Aluga outras 386 vivendas dispoñibles para alugar e tramítase a incorporación doutras 842 atendendo a solicitude dos seus propietarios.

Deste xeito, o programa Aluga ten capacidade para atender toda a demanda existente, cun total de 1.228 vivendas en adhesión fronte a 1.016 demandantes.

Tanto o incremento de



Este ano haberá case 11 millóns de euros en axudas

fondos como de vivendas do programa é posible grazas a unha xestión máis racional,

ao volver a facerse directamente por parte do Instituto Galego da Vivenda e Solo.

A guía do teu futuro

Estadías, prácticas, intercambios, voluntariado, bolsas de investigación... Son decesas e decesas as convocatorias para a xuventude que constantemente formulan múltiples entidades, de carácter público ou privado, e de ámbito galego, español ou internacional. Moitas destas opcións poden supoñer unha interesante saída laboral, pero ás veces o

máis difícil é saber da súa existencia a tempo e como acceder a elas.

Por eso, acaba de ver a luz a **"Guía de saídas laborais na Unión Europea e organizacións internacionais"**, que recompila a oferta formativa da **Fundación Galicia Europa**, as distintas consellerías, varias entidades públicas ou privadas, institucións da Unión Eu-

ropea, organizacións internacionais e organismos de cooperación.

O manual está deseñado para ser o máis útil posible, de forma que en cada convocatoria debulla en que consiste, os requisitos, os prazos de solicitude, os lugares onde efectuar as prácticas e a súa posible retribución, e tamén fórmulas para obter axudas económicas.

A guía presentouna o director xeral de Relacións Exteriores coa Unión Europea e director apoderado

da Fundación Galicia Europa, Jesús Gamallo, co fin de que se coñezan máis as oportunidades que ofrecen as institucións comunitarias.





A Iniciativa Xove fomenta o turismo activo en Alfoz

● Actividades do Grupo Informal “XuvenAlfoz en marcha”

Preto de duascenas persoas participaron nas actividades de turismo activo ao aire libre impulsadas polo grupo informal “XuvenAlfoz en marcha” ao abeiro do programa **Iniciativa Xove**. As súas propostas dirixíronse a persoas de todos os grupos de idade deste municipio lucense, pero sobre todo aos de 8 a 35 anos. E aínda que todas as actividades foron no municipio de **Alfoz**, o certo é que tamén conseguiron atraer xente de concellos próximos como O Valadouro, Foz, Burela e Lourenzá.

O éxito desta entidade, constituída por media du-

cia e persoas, enténdese á vista da variedade das actividades que organizaron, aproveitando ao máximo as oportunidades que lles ofrece o seu entorno natural, e combinando as modalidades de ocio en boga con alternativas máis tradicionais que seguen despertando un grande interese entre os xóvenes.

Así, comezaron o seu ciclo de propostas cunha xornada de descenso en caiac polo río Ouro, da que gozou arredor de medio cento de persoas nesta primeira edición. Outras tantas descargaron adrenalina nunha xornada que incluíu paintball e xogos tradicionais a carón do campo de fútbol municipal. O ciclo concluíu cunha saída de sendeirismo polo municipio, na que unha trintena de participantes tiveron tamén ocasión de mellorar as súas habilidades

nas técnicas de orientación. Pensando en facilitarlle as actividades aos inscritos, a organización preparou todo a fondo e nas actividades



máis especializadas ofreceu dentro da cuota o equipamento necesario e o xantar conxunto. E é que, aínda que sexa indirectamente, entre os obxectivos de “XuvenAlfoz” está tamén o de fomentar a interrelación social da mocidade da zona. E pensan seguir. O próximo, unha viaxe á neve.





O programa “Xuventur Neve” ofrece 500 prazas para ir a esquiar

- Hai tres destinos posibles: Andorra, León ou Huesca
- É a primeira vez que se oferta este programa

EstuSe o teu é a neve e queres aprender a esquiar ou mellorar as túas habilidades, tes unha ocasión con “Xuventur Neve”, nova iniciativa coa que a dirección xeral de Xuventude e Voluntariado che ofrece preto de 500 prazas subvencionadas con estancias en **Leitariegos** (León), **Vallnord** (Andorra) ou **Candanchú** (Huesca).

Cada un dos destinos compón un programa diferente. Se non dispós de moito tempo, a túa opción é León, xa que a súa oferta abrangue nove fins de semana entre xaneiro, febreiro e marzo. Son tres xornadas para a práctica de esquí e raquetas. Nesta modalidade ofertáronse 270 prazas, a 160 euros cada unha, que quedan en 120 se tes o Carne Xove. O prezo inclúe transporte en autobús, aloxamento no albergue en

pensión completa, o material preciso para practicar deporte, un día de forfait, tres horas de clases de grupo, unha ruta guiada e unha visita de interese.

No caso de Andorra, as 162 prazas están distribuídas en tres quendas de cinco días de duración. Prevense entre o 22 de xaneiro e o 12 de febreiro. O prezo é de 395 euros, 296 co Carne Xove. Neste caso, inclúe o autobús, aloxamento en hotel de tres estrelas en media pensión, o material e cinco días de clases e de forfait, ademais da comida en pista. Haberá visitas opcionais a Caldea e ao **Pazo de Xeo de Canillo**.

E a opción de Huesca, tamén de cinco días, oferta 60 prazas, en dúas quendas: do 20 ao 25 de febreiro e do 27 de febreiro ao 3 de marzo. Neste caso os prezos son de 470 ou de 352 euros



Os prezos do Xuventur Neve son moi asequibles

e neles vai incluído o desprazamento en avión desde A Coruña, o aloxamento en hotel de dúas estrelas en réxime de media pensión, o aluguer do equipamento, cinco días de forfait e dúas horas diarias de clase.



Xa podes presentar a túa solicitude, elixindo só unha quenda. As prazas asígnanse por orde de chegada ata que se esgoten. Estes son os formularios para **Leitariegos**, para **Vallnord** e para **Candanchú**.

O albergue de Gandarío cobra vida por primeira vez no inverno

O programa “Invernízate con nós” está servindo por primeira vez para encher de actividade o albergue xuvenil de Gandarío, no municipio coruñés de Bergondo, tradicionalmente utilizado só nos meses de verán.

Deste xeito, a dirección xeral de Xuventude e Voluntariado pon en valor as infraestruturas xuvenís da administración autonómica e á vez ofrece propostas de lecer e tempo libre no medio natural nunha tempada na que hai menos alternativas.

“Invernízate con nós” está pensado para mozos e mozas de 18 a 35 anos. Por un prezo de 75 euros (un 25% menos co Carne Xove), inclúe fins de semana con actividades de astronomía, orientación nouturna, BTT, tiro con arco, corda tirolesa, rápel, xogos tradicionais, sendeirismo ou fotografía. As inscricións recóllense nas OMIX e xa só queda a fin de semana do 21 ao 23 de xaneiro e todas as de febreiro.



O 2011 chega cargado de estreos

- As adaptacións de grandes heroes da banda deseñada e secuelas de filmes de éxito na pasada década encherán as carteleiras dos nosos cinemas

O 2011 chega cargado de estreos cinematográficos, algúns deles moi agardados como o punto e final á saga de **Harry Potter**. En xullo deste ano, os milleiros de fans da historia do xoven mago asistirán ao seu enfrontamento final con aquel cuxo nome non debe mencionarse, no que promete ser un gran despliegue de efectos especiais para reproducir a batalla final ideada por **J.K. Rowling**.

E é que 2011 caracterízase polas secuelas. Semella que nestes tempos de crise económica os produtores de Hollywood prefiren apostar por produtos que xa teñen amosado a súa rendabilidade na taquilla e ir así sobre seguro. É o caso das segundas partes de dous dos grandes éxitos da animación dos últimos anos: **Cars 2** (de Disney) e **Kung Fu Panda 2**

(de Dreamworks). Canda eles figuran novas aventuras do capitán Jack Sparrow en **Piratas do Caribe 4: en mareas misteriosas**, onde Penélope Cruz dálle o relevo a Keira Knightley; a terceira entrega das loitas entre Autobots e Decepticons (**Transformers: dark side of the moon**); ou o rexurdir dun dos iconos do terror adolescente da pasada década: a saga **Scream**, que **Wes Craven** forzará para facernos chegar este ano a súa cuarta entrega. Todas elas chegarán co verán.

Mais 2011 tamén trae novas propostas, aínda que tamén de pouco risco como son as novas versións de superheroes da factoría **Marvel** e **DC**. Nesta ocasión poderemos ver a Ryan Reynolds, despois do seu papelón en *Buried* do ourensán Ricar-

do Cortés, caracterizado no traxe do **Green Lantern**. Así, Reynolds será o primeiro actor que dá vida a dous superheroes de DC e Marvell, ao interpretar ao mencionado Lanterna Verde e a Deadpool (en Lobežno). Ademais, Kenneth Branagh aparcará as súas adaptacións de Shakespeare para ofrecernos a súa versión de **Thor**, con Chris Hemsworth, recén casado con Elsa Pataky. Iso será en abril, xa que uns meses despois chegará o **Capitán América**. Dous filmes que son un paso máis cara a aventura dos Avengers, prevista para 2012 e xa anticipada en Iron Man e en Hulk. Priest, Cowboys e Aliens, Sucker Punch, **I´m number 4**, **Red Riding Hood** ou unha nova entrega de Misión Imposible completan un cartel que, de seguro, traerá moitas máis sorpresas.





Queredes tocar con eles?

- Xuventude convoca o concurso “Airiños de Rock & Roll”
- Os gañadores actuarán con Def con Dos e O’Funk’illo

Se tedes un grupo musical e a maioría dos integrantes estades entre os 16 e os 30 anos, o concurso “Airiños de Rock & Roll” da dirección xeral de Xuventude e Voluntariado ofrécevos a oportunidade de promocionalo e darlle renome, porque ofrece como premio tocar en directo como teloneiros de **Def Con Dos** e de **O’Funk’illo** o vindeiro 26 de marzo no Coliseum da Coruña.

Para participar, hai que presentar unha maqueta ou gravación en directo con dous temas propios do grupo, ademais do boletín de **inscrición** coa información do grupo. O prazo para facelo será do 18 de xaneiro ao 18 de febreiro.

Tras escoitar as maquetas, o xurado do certame seleccionará os doce grupos (tres por provincia) que pasarán á fase de actuación en directo do encontro do 26 de marzo. De entre eses doce, e por votación entre os propios grupos participantes



AIRIÑOS DE ROCK&ROLL

[Bases](#)

[Inscrición](#)

[Cartel](#)



no evento, sairán os dous que farán de teloneiros no concerto na pista central do Coliseum. Se se produce un empate, o xurado encargárase de rompelo.

Ao final do encontro haberá unha Master Class impartida polo músico **Pepe Bao**. Os grupos non seleccionados poderán asistir ao concerto, pedíndoo por **mail**.

Igloo acada o premio Maketon ao mellor directo

Os premios da música “**Maketon Estrella Galicia 2010**” distinguiron aos mellores proxectos musicais dos últimos meses nunha gala celebrada en Vigo ante unhas seiscientas persoas.

Como mellor directo de grupo local, o galardón foi para o grupo **Igloo**. Recoñecemento que suma ao de mellor grupo da música independente, nun ano no que comezaron a emerxer ao ser escollidos como teloneiros de **Franz Ferdinand**.

O mellor disco local foi **Moon Cresta**, por “The

Sparkling Radiostars & Their Lunatic Orcesta”, que lles está abrindo moitas portas. Como mellor maqueta de grupo local, premiouse a **Glassonion** por “Inventar”.

A gala dos Maketon recoñeceu tamén a traxectoria musical local de **Miguel Costas**, un dos grandes nomes dos escenarios musicais de Galicia.

Tamén houbo recoñecementos para o produtor vigués **Fran Álvarez**, responsable de numerosas maquetas recentes, e para José Carlos Giménez, de Radio Vigo.



Premiados co Maketon Estrella 2010



M-CLAN. VIGO. 13 DE MARZO.
C.C. NOVACAIXAGALICIA



BARÓN ROJO. SANTIAGO.
4 FEBREIRO. SALA CAPITOL.

OURENSE

26 de xaneiro
Dr. Gringo
O Miudiño

28 de xaneiro
David Bustamante
Auditorio Municipal

29 de xaneiro
Noneto Checo
Teatro Principal

3 de febreiro
Philippe Graffin & Marisa Gupta
Auditorio Municipal

O BARCO DE VALDEORRAS

4 de febreiro
Samuel Leví y Los Niños Perdidos
Baranda

SADA

18 de marzo
Paris Joel
Moby Dick

PONTEVEDRA

3 de febreiro
Lupercal

A Cabaña

SANTIAGO DE COMPOSTELA
16 de xaneiro
Carmen Linares
Auditorio de Galicia

18 de xaneiro
Abe Rábade Trío
Salón Teatro

18 e 25 de xaneiro
Trío Campos-Gómez-Martínez
Dado-Dadá

20 de xaneiro
Garage Jack
Ultramarinos

20 e 27 de xaneiro
Bakin Blues Band (con jam session)
Dado Dadá

21 de xaneiro
Rapsusklei
Sala Capitol

22 e 29 de xaneiro
New Trío
Dado Dadá

29 de xaneiro
Jit
Moon

29 de xaneiro
Festival Internacional de Rockabilly 2011, co seguinte cartel:
Crazy Cavan and the Rytmh Rockers
The hound Dogs
Dr. Gringo
Lou Reyes y los Astros
Sala Capitol

12 de febreiro
Dr. Gringo
Moon

VIGO

21 de xaneiro
Garage Jack
La Iguana Club

21 de xaneiro
Letz Zep
El Infierno

22 de xaneiro
Samuel Levi y Los Niños Perdidos
Bar Parrafadas

22 de xaneiro
Joanna Newsom
Centro Cultural Novacaixa-galici

8 de febreiro
The Gasoline Bros Feat. Rick Richards (The Georgia Satellites)
La Fábrica de Chocolate

11 de febreiro
Nashville Pussy
El Infierno

18 de marzo
Tote King
Mondo Club

A CORUÑA
21 de xaneiro
O'Funk'illo

22 de xaneiro
Paris Joel
Garufa

Garage Jack
Mardi Gras

29 de xaneiro
La Familia

Mardi Gras

9 de febreiro
The Gasoline Bros Feat. Rick Richards (The Georgia Satellites)
Mardi Gras

11 de febreiro
Madee
El Túnel

19 de febreiro
Addler's Appetite
Playa Club

19 de febreiro
Dr. Gringo
Garufa

FERROL

27 de xaneiro
Marcos Mella
Centro Torrente Ballester

ARZÚA

12 de marzo
Tote King

13 de marzo
Susana Seivane
Praza de Galicia